



PREGUNTA ORAL SOBRE A EXECUCIÓN ORZAMENTARIA DO 1º E 2º TRIMESTRE DE 2017

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día do Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno de Compostela Aberta comprometeuse no Pleno a publicar e facilitar a información relativa ao grao de execución do orzamento con carácter trimestral, recollendo esta obriga nas bases de execución do orzamento, en virtude do recollido no artigo 8.1 d/ da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia e Bo Goberno.

Na data actual, no mes de setembro, tras case tres trimestres, nin se colgou na páxina web a execución do primeiro trimestre do 2017, nin a do segundo trimestre. A maiores, tampouco se facilitou a mesma aos grupos da oposición, sen que exista xustificación ningunha para tal retraso, sobre todo cando existe a obriga de remitir trimestralmente a execución do orzamento ao Ministerio de Facenda.

Salvo que o Concello estea incumprindo a súa obriga de remisión de información ao Ministerio, fórmulase a seguinte pregunta para a súa resposta oral no Pleno do Concello:

¿Cal é o grao de execución global do orzamento do concello de Santiago no primeiro e segundo trimestre do 2017, e cando vai ser colgada esa información na páxina web?

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

Manuel Martínez Varela
Concelleiro do Grupo Popular